

# O nacionalismo catalán

Pere Anguera

## I. AS ORIXES DO CATALANISMO

### a) *As formulacións remotas*

A pesar de que tanto publicistas como divulgadores historiográficos se refiran á presenza atávica dun espírito nacional (ben sexa catalán, español ou do nacionalismo do que traten), remontándose como mínimo á Idade Media, é evidente que en puridade só poden tomarse en consideración, como precedentes do nacionalismo, aqueles movementos ou reflexións xurdidas despois da Revolución Francesa e ó compás das guerras napoleónicas, as mesmas que impulsaron as *Cartas á nación alemana* de J. G. Fichte. Só se pode pescudar no nacionalismo, sexa cal sexa, a partir das primeiras décadas do século XIX<sup>1</sup>. Falar de nacionalismo catalán ou procurar as súas raíces nas revoltas contra Juan II ou Felipe IV, na oposición a Fernando I ou na Guerra de Sucesión é puro anacronismo. Como tamén o é o feito de falar de nacionalismo español cos Reis Católicos ou baixo os Austria. Coa oposición a José I xorde un balbucinte nacionalismo español ó reunir baixo a mesma proposta a todos os españois, que por primeira vez se senten tamén unidos na defensa dun ideal: a restauración borbónica, véndose todos eles no mesmo bando. A progresiva nacionalización española (que sempre se confunde coa castelanización<sup>2</sup>, tanto no ámbito lingüístico como no político administrativo, relegando ó resto das tradicións histórico-xurídicas a unha situación secundaria tendente á desaparición) foi o que en boa medida deu pulo á cohesión dos sentimentos diferenciais. Coa españolización caste-

1. Unha valoración xenérica do fenómeno pódese consultar en Schulze, H. *Estado y nación en Europa*. Ed. Crítica, Barcelona, 1997.

2. A confusión de España con Castela, desde as primeiras formulacións nacionalistas españolas, é recoñecida por Fox, I. *La invención de España*. Cátedra, Madrid, 1997.

lanizadora, que conlevaba centralismo e uniformidade, o “espírito provincial” de Cataluña, que ata daquela marcara basicamente un profundo sentimento de catalanidade en todo compatible coa integración á monarquía, empezou a adoptar un compoñente diferenciador. Ó ver perseguida e aldraxada a lingua, os costumes e a lexislación civil, os cataláns sentíronse relegados a unha situación secundaria no conxunto do Estado. Este sentimento foi tomando corpo ó percibirse progresivamente un trato diferenciado, con matices coloniais: Cataluña estivo ó longo do século en permanente estado de guerra (a diferenza da maior parte da península) e baixo a xurisdicción militar, co que se limitaba o exercicio dos dereitos constitucionais<sup>3</sup>. A sensación de trato colonial agudízase nas clases populares coas dificultades derivadas do descoñecemento da lingua da administración, fose esta civil, militar ou xudicial.

A partir do segundo tercio de século, os rexímenes máis ou menos constitucionais e as guerras civís favoreceron a aparición de propostas nacionalistas. A liberdade política permitía a súa formulación pública e o clima revolucionario auspiciado pola guerra civil e os alborotos, a radicalización. Durante a primeira Guerra Carlista (1833-1840), a publicística liberal impulsou o recordo apoloxético das institucións clásicas catalanas (como xa sucedera durante o Trienio Liberal); os eloxios servían para convencer ós lectores de que o novo sistema non era senón a posta ó día da tradición catalana interrompida polos borbóns. Ó mesmo tempo apareceron invectivas contra os sectores máis radicalizados do liberalismo, acusados de intentar manobras secesionistas, de querer aproveitarse das turbulencias do momento para proclamar a independencia, quer de Cataluña, quer da antiga coroa de Aragón no seu conxunto para resucitar un estado federal. Estas propostas secesionistas parece que obtiveron un notable calado nas clases populares, de maneira destacada entre os traballadores téxtiles urbanos, aínda que non foron insensibles a elas núcleos burgueses vinculados ó comercio e á industria. Doutro xeito non se explican nin os seus constantes desmentidos na prensa, nin que o argumento en contra non fose político (a defensa da unidade do Estado), senón económico: Cataluña independente veríase abocada á ruína ó deixar de mercar os españois os seus produtos manufacturados, e unha vez arruinada sería presa fácil da ambición anexionista francesa, cunha vontade uniformadora superior á española<sup>4</sup>. Estes testemuños incipientes, que poden cualificarse de prepolíticos, evidencian a precocidade da aparición dun forte sentimento diferencial entre Cataluña e o conxunto do Estado.

3. Para o permanente estado de guerra en Cataluña, *vid.* Risques, M. *El govern civil de Barcelona al segle XIX*. Publicacions de l'Abadia de Montserrat, Barcelona, 1996.

4. Tratei en detalle, con abundantes citas, a complexa situación da sensibilidade catalana e española en Cataluña e a manipulación de ambas en Anguera, P. *Els precedents del catalanisme. Entre els carlins i els liberals*. Agupació Fotogràfica de Reus, Reus, 1995;

Ó longo do período isabelino o sentimento catalán arraigou e difundíuse entre sectores sociais máis amplos, ó tempo que se debilitaba a súa contundencia. Axudou á difusión do sentimento de catalanidade a recuperación progresiva dunha literatura expresada en catalán, a Renai-xença, e a difusión cada vez máis ampla de episodios e personaxes históricos que popularizaban un pasado glorioso. O medo das clases dirixentes á revolución, no senso polivalente das palabra<sup>5</sup>, reduciu as reivindicacións a un maior respecto para a lingua e á defensa do código civil privativo. A pesar disto, non desapareceu a reivindicación político-administrativa asumida de maneira primordial polos progresistas, que mantiñan os postulados dun anticentralismo apoiado na denuncia da castelanización monopolizadora do Estado<sup>6</sup>. O que resulta innegable na primeira metade do mil oitocentos é que a defensa reivindicativa da catalanidade provén dos sectores progresistas. Fronte ás súas propostas, as máis das veces etéreas e evanescentes, os carlistas non presentaron a menor reivindicación. A ausencia de catalanidade no carlismo é obvia: se de maneira esquemática toda a súa lexitimidade xurídica deriva de Felipe V, era evidente que nin podían vituperar o Decreto de Nueva Planta, nin denunciar o centralismo borbónico. Así, en nome da fidelidade á tradición víanse obrigados en Cataluña a defender un ordenamento legal que a penas contaba un século de historia e que ía contra a tradición organizativa propia.

#### b) *A articulación do catalanismo*

A Revolución de Setembro permitiu que abrollasen aquelas ideoloxías que se mantiñan subxacentes durante os gobernos moderados. A reivindicación catalana atopou unha fórmula de articulación no partido federal. Mesmo antigos moderados como Francisco Romaní Puigdemgolas defenderon a nova estruturación do Estado. En realidade *El federalismo en España* (1869) de Romaní pode considerarse a primeira proposta razoada do rexionalismo catalán. O Sexenio permitiu evidenciar a forza da catalanidade en proceso de conversión en catalanismo de sectores amplos da sociedade. A liberdade de prensa permitiu a publicación dos semanarios satíricos republicanos *La campana de Gràcia* (1870) e *L'esquella de la Torratxa* (1872), polo editor I. López: en ambos casos a

"Des de quan [els] catalans no volen ser espanyols?", *L'avenç* 200, 1996, pp. 80-83 e, especialmente, en "La percepció de la catalanitat en els liberals i els carlins durant la guerra dels set anys", en *Le discours sur la nations en Catalogne aux XIXe et XXe siècles*. Éditions Hispaniques, París, 1996, pp. 189-209.

5. Para as posturas burguesas, os seus conflitos e as súas dúbidas ideolóxicas, e a súa progresiva aceptación da "dobre nacionalidade" é imprescindible a lectura de Fradera, J. M. *Cultura nacional en una societat dividida*. Curial, Barcelona, 1992.

6. Analicei este período en Anguera, P. "Catalanitat i anticentralisme a mitjan segle XIX", *Quaderns del Cercle* 13, Girona, 1997, pp. 7-29.

opción polo catalán debíase máis á necesidade de facilitar a comprensión do texto ó lector que a un afán normalizador, aínda que o simple feito da súa publicación afixera a un público basicamente popular a ler en catalán. Outro elemento resulta máis significativo do cambio de percepción social do feito catalán: o xiro dos carlistas iniciado nas bases. En 1872 un anónimo militante publicou o panfleto *Los catalans y'ls seus furs*, de virulentos contidos anticoncentralistas e anticasteláns. Algúns dirixentes políticos como Jacinto de Macià ou militares como Francisco Savalls, asumírono ó constataren a ampla simpatía popular polo feito diferencial, pero Carlos VII e o seu entorno, a pesar de ter asinado o pretendente unha retórica e ambigua restitución dos foros en 1872, foron en extremo reacios á súa aplicación.

A Restauración, que comportou unha diminución importante das liberdades, a pesar do gregario entusiasmo xerado recentemente polo centenario do asinato de Cánovas, impuxo un novo silencio ás reivindicacións catalanas ó dificultar a creación de calquera grupo ideolóxico situado á marxe do espectro creado polo sistema. Foron os federais agrupados no partido Republicá-Democrátich-Federal de Catalunya os que rearticularon publicamente as reivindicacións no seu congreso de 1883. O congreso, co catalán como lingua oficial, aprobou e publicou en versión bilingüe (a concesión ó castelán foi para facilitar a súa difusión fóra de Cataluña) unha "Constitució de Cataluña", claro e marxinado precedente das Bases de Manresa de 1892. Para comprender a inmediata eclosión do catalanismo político convén sinalar que ó longo da década dos oitenta xurdiron múltiples núcleos de actuación catalanista, non sempre organizados de maneira oficial. Estes núcleos interrelacionados impulsaron campañas de propaganda cun dinámico activismo interclasista. A euforia xerada traducíuse na publicación de tres libros, desiguais no seu contido, pero representativos da pluralidade de opcións e do afán de cada unha delas para se facer co monopolio do sentimento compartido por un número crecente de cidadáns. En 1886 Valentí Almirall publicou *Lo catalanisme* desde unha óptica progresista derivada do republicanismo federal, libro clave na xénese política do movemento, e que se converteu na súa primeira biblia. En 1887 Juan Mañé e Flaquer, director do conservador *Diario de Barcelona*, publicou *El regionalismo*, cunhas teses máis súplcantes que reivindicativas, vencelladas ó monarquismo conservador. E en 1892, Josep Torras i Bages, *La tradició catalana*, representativo dos esforzos católicos para conducir o rexionalismo.

A fundación da Unió Catalanista en 1891, aglutinando os núcleos dispersos, constitúe o fito clave para o desenvolvemento articulado do catalanismo político. Pero non se pode esquecer que, anteriormente, o Centre Catalá impulsado por Almirall en 1882 e a Lliga de Cataluña, nacida dunha escisión do Centre en 1887, en medió das polémicas sobre o inte-

rese ou non para Cataluña da Exposición Universal de 1888, contribuíran a impulsar a divulgación do ideario e á creación de núcleos locais. Unha lectura atenta da cronoloxía das entidades catalanistas mostra tres momentos de especial euforia fundadora<sup>7</sup>: en 1889 como consecuencia do éxito da campaña en defensa do dereito civil catalán, en 1898 como resposta ó desastre colonial e en 1901, despois da victoria electoral catalanista en Barcelona. É importante lembrar que as primeiras entidades locais activas foron a Joventut Vigatana Catalanista (1878), o Centre Literari Catalanista de Sabadell (1879), o Centre Catalanista Provençalenc (1879, de Sant Martí de Provençals, vila incorporada a Barcelona), a Unió Gracienca (1883, de Gràcia, agora integrada a Barcelona), a Associació Catalanista de Reus (1883) e o Centre Català de Terrasa (1886). Importa lembralo porque son anteriores ás aparicións masivas derivadas das campañas antes citadas e porque todas, coa excepción relativa de Vic, están situadas en poboacións de tradición industrial e progresista e parte, como mínimo, dos seus dirixentes procedían da tradición republicano-federal, mentres que nas localidades de tradición conservadora ou carlista a aparición de núcleos catalanistas foi moito máis serodia. Como sinalaba Josep Pella y Forgas a principios de século, non foron os partidos constituídos os que mobilizaron o sentimento catalanista, senón ó revés: os partidos víronse obrigados a asumir, en todo ou en parte, as teses rexionalistas para manterse vivos: “así, os vellos partidos políticos españois ó estaren dentro do ambiente patriótico catalán, os republicanos deron en chamarse autonomistas, os carlistas *fuerristas*, e os conservadores e liberais partidarios dunha descentralización ben entendida”<sup>8</sup>.

Os primeiros núcleos catalanistas (hai algunha excepción como a de Reus que practicamente desde a súa fundación participou con éxito nas eleccións locais e provinciais) foron reacios a entrar no xogo electoral da Restauración. O retraemento non se debía nin á súa falta de confianza nas posibilidades electorais, nin, como se ten repetido con extraordinaria lixeireza, ó rexeitamento do sistema democrático, senón a outros dous factores: a nula confianza na honestidade dos comicios, sabedores de que os esforzòs e os logros caerían en saco roto, e a pretensión de reunir todas as vontades por riba das friccións partidistas. A Unió Catalanista empezou a rebaixar estes supostos ó aprobar na súa Asemblea de Reus (1893) a participación nos comicios locais. A fractura da Unió produciuse en 1898 cando o sector máis proclive á participación na po-

7. Vid. as datas de constitución e unha breve ficha histórica en Llorens, J. *La Unió Catalanista i els orígens del catalanisme polític*. Publicacions de l'Abadia de Montserrat, Barcelona, 1992, pp. 445-505. O libro de Llorens constitúe a máis completa historia da Unió. Para o protagonismo republicano reivindicativo da catalanidade durante a Restauración, Gabriel, P. “Catalanisme: republicanisme federal del vuitcents”, en *Quaderns del Cercle* 13, 1997, pp. 31-82.

8. Pella y Forgas, J. *La crisis del catalanisme*. Barcelona S. A., p. 6; a cursiva *sic* non original.

lítica activa entrou en contacto con Polavieja e pactou unha alianza co xeneral a cambio da incorporación de personalidades máis ou menos catalanistas nas engrenaxes do sistema político. A escisión callou na Lliga Regionalista en 1901.

c) *A propaganda: prensa, selos e postais*

Desde o primeiro momento, os núcleos locais tiveron unha marcada vontade propagandista que se traduciu na publicación de boletíns redactados integramente en catalán e as máis das veces bautizados con nomes simbólicos. A análise detallada dos seus contidos, das listas de colaboradores e do intercambio de artigos e suxerencias de actuación entre as distintas agrupacións é unha tarefa aínda pendente de realización. A pesar do limitado dos coñecementos, constátase o cruce de informacións e a circulación relativamente ampla das publicacións. En 1843 apareceu *Lo Verdader Catalá* que Josep Maria de Casacuberta, nunha excelente monografía, cualificou como o “primeiro órgano periodístico da Renaixença”<sup>9</sup>. Esencialmente literario, vencellou a lingua e a historia catalanas. O primeiro diario en catalán, o *Diari Catalá* (1879-1881), impulsado por Almirall, sustentaba máis as teses republicano-federals que as realmente catalanistas. Con *La Gramalla* (1870), voceiro da Jove Catalunya, iniciouse a auténtica prensa catalanista, que tivo a súa continuación con *La Veu del Montserrat* (1878-1900), editada en Vic polo cóengo Collell, *L'Arch de San Martí* (Sant Martí de Provençals, 1884-1891) ou *La Veu del Camp* (Reus, 1885-1890), entre outros moitos títulos. *La Renaixensa* (1871-1903), primeira revista cultural e logo diario catalanista (1881) e o diario *La Veu de Catalunya* (1899-1937) foron os xornais máis influentes, o primeiro como voceiro dos sectores autoconsiderados puros e o segundo dos máis pactistas. Nos anos de cambio de século eran tres os diarios en catalán, os dous últimos citados que se publicaban en Barcelona, e *Lo Somatent* (1886-1903) en Reus. As entidades catalanistas, como facían as doutras opcións ideolóxicas, organizaban veladas e conferencias destinadas á difusión do pensamento rexionalista e á exaltación da historia e a lingua catalanas.

O maior éxito da campaña catalanista foi a edición de selos e postais. Ambas as dúas manifestacións compartíronas como mínimo cos carlistas e cos federals, pero ningún destes dous partidos acadou nin a difusión, nin a aceptación popular obtida pola Unió Catalanista. Entre o 22 de setembro e o 19 de decembro de 1899 a Unió publicou dez edicións sucesivas do selo deseñado por Alexandre de Riquer, cunha tira-

9. Casacuberta, J. M. de. “*Lo Verdader Catalá*” *primer organ periodistic de la Renaixença*. Barcino, Barcelona, 1956.

10. Para máis detalles *vid.* Anguera, P. “Modernitat i contundència de la primera propaganda catalanista”, en *L'Avenç* 179, 1994, pp. 10-15. Os selos da Unió e os dos imitadores reproducíneos Nathan, S. *Spanish separatist stamps*. Brighton, 1976. Un elemento complementa-

xe total de 2.018.045 exemplares<sup>10</sup>. Pode que a cifra total sexa esaxerada, pero as informacións da prensa adicta e da crítica, a reacción do goberno que prohibiu a súa circulación e, sobre todo, a aparición de series similares espúreas publicadas por industriais, que confiaban obter boas ganancias coa edición de selos catalanistas, confirman a insólita e entusiasta acollida popular. Un éxito parecido obtiveron as tarxetas postais. As primeiras de explícito contido político foron as de motivos do Nadal da Unió Catalanista en 1899, aínda que o seu apoxeo se produciu coa eclosión de catalanidade provocada por Solidaritat Catalana en 1906. As series “Catalans ilustres”, impresas en Madrid co texto en catalán, constitúen unha mostra da súa aceptación popular.

## II. O PAPEL DA LINGUA

### a) *Unha lingua de relación*<sup>11</sup>

A pesar dos decretos de Felipe V e dos seus sucesores para implantar de maneira progresiva o castelán ata suplantar o catalán, diversos elementos dificultaron o proxecto. A deficiente escolarización e o feito de que esta se mantivese en catalán, parcial ou totalmente en todas as poboacións, e a fidelidade, mesmo en sectores afíns ó novo réxime, á que se vía como lingua dos maiores, coa constante transgresión da normativa castelanizadora<sup>12</sup> (que obrigaba á súa persistente reiteración), traducíuse nunha feble penetración do castelán en todos os sectores sociais. Pero as limitacións establecidas e o decaemento do espírito público, traducido nunha literatura escasa e de mediocre calidade, empuxaban ó catalán a un progresivo deterioro facilitado pola ausencia dunhas regras gramaticais únicas, difíciles de implantar ó non contar con ningún organismo de recoñecida autoridade filolóxica. Nas primeiras décadas do século XIX, cando o catalán era aínda hexemónico como lingua de relación, xurdiron as primeiras voces reclamando a dignificación dunha lingua que se vía irremisiblemente empuxada a se converter nun *patois*. De maneira contradictoria foron os liberais os que paralelamente empuxaron o abrollar dunha literatura, esencialmente popular, en catalán, para facilitar a transmisión das súas consignas ideolóxicas e a castelanización da sociedade en aras á homoxeneización do Estado.

Mañé y Flaquer trazou en 1878 a tipoloxía do proceso de substitución lingüística. Primeiro foi “a clase alta e en primeiro lugar a nobreza e parte

rio, aínda que de circulación restrinxida foron os *ex libris*, *vid.* Anguera, P. “Els primers ex-libris catalanistes”, en *La consolidació del món burguès (1860-1900)*. Història, Política, Societat i Cultura dels Països Catalans, VII, Enciclopèdia Catalana, Barcelona, 1996, pp. 302-3.

11. Para os detalles e referencias bibliogràficas remito ó meu libro *El català al segle XIX. De llengua del poble a llengua nacional*. Empúries, Barcelona, 1997, pp. 21-128.

12. Ferrer, F. *La persecució política de la llengua catalana*. Edicions 62, Barcelona, 1985.

do clero”, para darse prestancia e coquetear con maior soltura cos representantes do poder do Estado, quen optou pola castellanización (aínda que segundo as testemuñas coetáneas, o seu castelán, suma de múltiples aberracións, era máis nominal que real). As clases medias imitáronos, nun afán de resituación social que se caricaturizaba coa contratación de amas de cría non catalanas para que ensinasen a lingua oficial ós seus fillos. A actitude das clases medias empuxou a seguir o seu exemplo ós sectores populares urbanos. Este comportamento non foi xeneralizado, aínda que a tendencia a mediados de século fose a súa progresiva expansión. Os anos sesenta constituíron o momento de maior perigo para a subsistencia do catalán. A tímida reacción dalgúns escritores amparados na restauración dos Jocs Florals en 1859, a innegable, pero difícil de documentar, sensación de ridículo por parte daqueles que eran conscientes da corrupta mestura de linguas que falaban dificultando a fluidez de relacións e o crecente apego ós signos de catalanidade dos grupos progresistas, cos republicanos federais á fronte, provocaron unha reacción a favor do catalán reivindicando o seu uso como lingua de cultura e de relación. Como lingua de relación resultou fácil resituála, máis difícil e complexa foi a súa recuperación cultural.

### b) *A recuperación dunha lingua de cultura*<sup>13</sup>

A tradición académica catalana distingue na historia literaria os períodos da Decadencia, etapa de prostración iniciada de maneira paralela coa política na Idade Moderna e a Renaixença coa recuperación do catalán no eido literario. Modernamente tense levado a cabo unha revisión ó considerar que se ben desapareceu o cultivo literario do catalán pola maioría dos sectores dirixentes, mantívose vivo na literatura popular e parte da culta, así como en múltiples usos profesionais (protocolos notariais) e burocráticos (concellos ou gremios). La Renaixença començaría, segundo aquela cronoloxía, coa publicación no diario *El Vapor* da “Oda” de Buenaventura Carlos Aribau, un dos impulsores da Biblioteca de Autores Españoles da editorial Rivadeneyra.

A restauración dos Jocs Florals en 1859 marca simbolicamente o inicio dun cambio de actitudes públicas. Públicas porque parte dos seus promotores mantivo o castelán como lingua de relación, mesmo a nivel afectivo e familiar. A actitude burguesa maioritaria comportaba unha importante limitación: se os podentes se mostraban distantes da súa lingua, calquera aventura editorial resultaba imposible. Un certo remorso pola súa actitude cara á lingua do seu berce, segundo o tópico por eles repetido, facilitou o primeiro cambio de actitude. Unha vez ó ano e en

13. Resumo basicamente as páxinas 129-228 do meu libro *El català al segle XIX*. Op. cit., 1997.



poesía podía tributárselle unha homenaxe. De aí a aceptación e impulso dos Jocs Florals. A poesía foi o poxigo a través do cal reapareceu o catalán na sociedade relevante e culta, e que permitiu manifestar sen reservas nin vergonzas os sentimentos da xente e de núcleos repartidos por toda Cataluña. A partir da convocatoria de 1860, a participación nos Jocs foi crecente e desde todas as comarcas.

O éxito dos Jocs impulsou a convocatoria de certames parecidos en diversas localidades, aínda que non sempre mantivesen a exclusividade do catalán, facilitou a aparición de revistas literarias ou satíricas redactadas integramente en catalán e potenciou o teatro. Frederic Soler, o dramaturgo máis popular, esgotou en 1866, en menos de vinte días, dúas edicións da súa obra *Les joies de la Roser*, cun total de 4.000 exemplares. O éxito de público do teatro catalán na década dos sesenta foi crecente e continuado, ata o punto de que en 1864 as compañías foráneas anunciaban o seu desexo de representar neste idioma. Polos mesmos anos iniciouse a publicación de narracións longas, a maioría de cariz costumista en volumes soltos, e de almanaques. A boa acollida destas publicacións xustificaba, a partir de 1868, a aparición de coleccións literarias nas décadas seguintes xa con vontade de ser populares, ou a apertura de seccións especializadas nas librerías barcelonesas. Con todo isto, o catalán dera un paso importante cara á súa normalización literaria. Faltaba aínda dar o paso definitivo: convertelo en lingua vehicular de toda manifestación cultural desde a alta cultura ou a erudición ata a prensa informativa, sen militancia implícita. Na catalanización da alta cultura xogou un papel clave o activismo da Associació Catalanista d'Excursions Científiques a partir de 1876, que nos seus estatutos proclamaba “a lingua oficial da Corporación é o catalán”, e en catalán celebrou as súas sesións académicas e publicou as memorias eruditas.

### c) *Cara a unha lingua nacional*<sup>14</sup>

Durante as dúas últimas décadas do século XIX multiplicáronse os textos teóricos a favor do catalán, do seu uso en todo tipo de relacións e, de maneira máis significativa, do seu recoñecemento como lingua propia de Cataluña e, consecuentemente, da súa promulgación como lingua oficial. En 1879 Gonzalo Serrallera, un federal próximo a Almirall, foi o primeiro en denunciar no seu discurso como presidente dos Jocs Florals a falta deste recoñecemento, manifestando asemade a esperanza de obtelo en data próxima. En 1881 Almirall anunciaba no *Diari Català* “mañá, será o catalán a lingua oficial da nosa terra” e en *Lo Catalanisme*, o seu libro clave publicado en 1886, argumentaba “o que

14. Para máis detalles con respecto ós anos finais do século XIX, *vid. El català al segle XIX*. Op. cit., 1997, pp. 229-69.

identificaba ó escravo era ter que falar a lingua do seu amo, e nós levamos enriba este estigma". A reivindicación da oficialidade foi asumida polo Segundo Congreso Catalanista de 1882 e a partir desta data cunha rotundidade progresiva aparece en todos os documentos reivindicativos e en múltiples manifestacións teóricas. Se nun primeiro momento houbo vacilación entre oficialidade e cooficialidade, a reclamación final foi sen reservas a do catalán como lingua única no seu territorio, mesmo para as relacións co poder central.

A unanimidade acadada na campaña de defensa do recoñecemento da lingua baseábase en dous casos concretos: o ensino e mais o ámbito xurídico. No ensino denunciábanse as dificultades que nenos e xente moza catalana tiñan para adquirir unha formación correcta nunha lingua que descoñecían ó ingresaren na escola, o que permitía soste a Allmirall que era causa da perda de importantes talentos. No ámbito xurídico as denuncias eran múltiples. Nos xuízos argumentábase, con razón, que as testemuñas e as partes ou non coñecían o exposto nas sesións ou expresábanse de forma encorsetada ou tateante, facilitando as sentencias inxustas ou erróneas. A inxustiza era maior se se tiña en conta que os estranxeiros podían dispoñer de intérpretes e os cataláns non. Lembrábase tamén que os testamentos e capítulos matrimoniais debían ser redactados nunha lingua insuficientemente coñecida polos interesados, o que facilitaba enganos ou manipulacións. Ensino, xustiza e documentos notariais eran elementos básicos e presentes na vida de moitos cidadáns e de aí a énfase posta polos rectores do catalanismo, que sabían que estas reivindicacións contaban coa simpatía non só dos que compartían a súa ideoloxía, senón tamén dos indiferentes e mesmo dos distantes do rexionalismo ó compartiren todos a falta de fluidez falada e escrita na lingua do estado. Por estes motivos a reivindicación lingüística situábase por riba das desavinzas entre os distintos sectores do catalanismo e chegaba a case toda a sociedade catalana, resultando útil para atraer novos militantes ó tratar un punto sensible á maioría da poboación.

Desde os anos setenta múltiples voces reclamaron a necesidade de coordinar os esforzos para establecer unha normativa gramatical. Rivalidades de grupo e discrepancias filolóxicas abortaron todas as iniciativas iniciadas. Só coa creación do Institut d'Estudis Catalans, auspiciado por Prat de la Riba e dotado dunha plataforma política coa Mancomunidade, acadouse a promulgación dunha normativa en 1913, sen poder evitar a oposición dun núcleo de literatos. A normativa, que contou con Pompeu Fabra como principal impulsor, foi o eixe da gramática oficial aínda en vigor, duramente combatida polo franquismo inicial.

### III. A CONSTRUCCIÓN DA SIMBOLOXÍA NACIONAL

#### a) *A mitoloxía referencial*

A modernización da dinámica política, paralela á loita do liberalismo pola revolución burguesa, coa aparición da prensa ideolóxica, dos diálogos e sainetes de alto contido político e dos mítines, conduciu á necesidade de construír e divulgar un repertorio de episodios e personaxes históricos que desen realce ó pasado e servisen para mostrar a tradición de liberdades políticas en España, interrompida polos monarcas absolutistas. Durante o Trienio Liberal, Numancia (e en lugar moi secundario Sagunto) converteuse no mito da defensa heroica da independencia nacional, mentres os comuneros casteláns se convertían en sinónimo dos mártires das liberdades esmagadas polo absolutismo. A aparición destes referentes chocou en Cataluña cos intentos de construír un universo alegórico propio. O recordo, nunca perdido, da situación política anterior ó decreto felipista de Nueva Planta e das fazañas medievais favorecía a aparición de elementos exclusivos. Nas primeiras décadas do século os referentes comúns, todos casteláns ou como moito castelán-leoneses, foron os imperantes, en parte porque case en ningún momento dubidaron os liberais cataláns da urxencia irrenunciable de construír unha auténtica nación española. A publicación dos libros de P. Pifarrer (1839) e V. Balaguer (1860) e a edición da crónica de J. Pujades (1829) subministraron información ampla sobre os personaxes medievais cataláns, mentres a forza da conciencia diferencial empuxaba ós rectores políticos a utilizar unha linguaxe que irmandase os heroes cataláns cos españois. Así, os comuneros atoparon o seu equivalente en Fivaller, Guzmán o Bo en Joan Blanques (protagonista dun episodio idéntico ante un rei francés) ou o Cid en Jaime I. Os novos referentes foron axiña asumidos polo teatro histórico e adquiriron unha relevante popularidade, que permitiu mesmo a aparición de referencias xocosas en revistas satíricas ou nas “gatades” de Frederic Soler, que demostran cómo os personaxes e algunhas circunstancias da súa vida eran coñecidos por amplos sectores populares. A divulgación de feitos e personaxes facilitou a aparición de poesía patriótica catalana, especialmente a partir da década dos oitenta. A literatura historicista, non necesariamente patriótica, impulsou á súa vez o uso do catalán ante o contrasentido de facer falar en castelán a personaxes que non o utilizaran. O progresivo coñecemento das efemérides históricas, sen embargo, non se reflectiu na denominación das rúas onde heroes e episodios “españóis” continuaron gozando dunha ampla hexemonía.

b) *Os signos de identidade: o 11 de setembro, a senyera, Els Segadors e a sardana*<sup>15</sup>

A identificación do 11 de setembro como Diada Nacional xestouse antes da creación das principais entidades catalanistas. En 1886 os impulsores da revista *L'Arch de Sant Martí* propuxeron a celebración dun funeral na basílica de Santa María del Mar de Barcelona en honor “ós patricios que morreron na defensa da Patria Catalana o 11 de setembro de 1714”. O bispo de Barcelona prohibiu ó cónego Jaume Collell pronunciar o sermón que tiña preparado facilitando con isto a polémica e a divulgación do acto. O catalanista esquerdista Josep Narcís Roca Farreras identificou inmediatamente a data como “o noso dous de maio [de 1808]”. Aínda que a celebración de funerais ou veladas similares se foi estendendo ó longo do século XIX, a conmemoración non callou plenamente ata 1901 cando, ó intentar depositar a súa ofrenda floral ante o monumento ó defensor de Barcelona en 1714, Rafael Casanova, un grupo de mozos foi encarcerado. A partir deste momento a identificación coa festa foi case indiscutida no movemento catalanista, aínda que non faltaron propostas alternativas como a do día de Corpus, en lembranza do de 1640, por tratarse dunha vitoria e non dunha derrota como o día conmemorado.

Que as catro barras vermellas sobre fondo marelo eran a bandeira de Cataluña nunca se puxo en dúbida, nin sequera nos momentos de maior prostración. Pero durante anos a súa exhibición foi a maioría das veces unha mostra ornamental ou sentimental sen ningún compoñente ideolóxico. De aí que en 1860 “pendóns ostentando as armas de Cataluña” figuran a carón dos españois no recibimento dos voluntarios da Guerra de África. Co tempo a súa simboloxía política foise acentuando, ata se converter case nun opoñente incompatible coa simboloxía do Estado, habitualmente restrinxida a leóns e castelos. Segundo o xornalista de *El Imparcial* Fernando Soldevilla, o primeiro en exhibir a senyera con plena vontade reivindicativa foi o alcalde de Reus, Pau Font de Rubinat, no trancurso dunhas festas en 1899.

*Els Segadors* foi publicado, recollido da tradición oral e sen música, por Manuel Milà Fontanals en 1882. En 1892 Francesc Alió compuxo unha harmonización que obtivo rápida difusión e moi axiña, senón de dereito si de feito, converteuse no himno alternativo. O problema do novo himno, que desataba a ira dos anticatalanistas ó considerar a súa letra agresiva, era a súa extensión, que dificultaba a aprendizaxe e o seu canto masi-

15. Para as referencias documentais deste epígrafe remito ó meu artigo “Els orígens del catalanisme. Notes per a una reflexió”, en *Orígens i formació dels nacionalismes a Espanya*, Edicions del Centre de Lectura, Reus, 1994, pp. 72-4. Para máis detalles *vid.* Albertí, S. *L'Onze de Setembre*. Albertí, Barcelona, 1964. Massot, J. M.; Pueyo, S. e Martorell, O. *Els Segadors. Himne nacional de Catalunya*. Generalitat de Catalunya, Barcelona, 1983. Campmany, A. *La sardana*. Barcino, Barcelona, 1930.

vo. En 1899 a revista *La Nació Catalana* convocou un concurso para condensar a letra; a versión premiada foi a de Emili Guanyavents, máis esquemática e contundente. Nela obviábase a parte narrativa e potenciábase a reivindicativa. O éxito e mais a popularidade da nova versión foron rápidos e totais. Posteriormente a Mancomunidad deulle o rango de himno oficial, revalidado pola Generalitat republicana e a actual.

Parecida é a historia da sardana, que de danza comarcal, popular en ambas as dúas vertentes dos Pirineos e descoñecida no resto de Cataluña, foise divulgando con certa lentitude cara ó sur. En 1859 bailábase xa nos xardíns do Tívoli, en Barcelona, pero nas comarcas meridionais da provinica de Tarragona non chegou ata os anos vinte deste século.

Como se ve, a cristalización e difusión dos distintos signos emblemáticos do catalanismo (o mesmo sucede con outros de cariz paralelo como o padroado de Sant Jordi ou da Mare de Déu de Montserrat) é realtivamente recente. Esta circunstancia valeulles á acusación de tradición inventada, que non deixa de ser certo. Por outra parte, é unha realidade común a todos os elementos identificadores colectivos españois ou europeos, e os das antigas colonias que os imitaron. O sorprendente e o que cómpre salientar é a súa rápida difusión e, de maneira especial, a súa profunda impregnación popular tendo en conta que se trata dunha comunidade que non só non ten o poder coercitivo e propagandístico dun Estado que facilite estas tarefas, senón que ademais as máis das veces o Estado obstaculizou e perseguíu en graos diversos a súa popularización. A conversión dos símbolos citados en elementos identificadores obedece ó esforzo de grupos illados e carentes de poder político efectivo, co que o seu éxito revela unha importante sintonía con eles da maioría da poboación.

#### IV. O CATALANISMO POLÍTICO NO SÉCULO XX

Ó longo do último cuarto do século XIX o catalanismo foi un sentimento amplamente compartido, pero cunha deficiente estruturación política. Co novo século, se cadra debido a un certo espellismo derivado das esperanzas esportadas en toda España polo rexeneracionismo, incrementouse a vontade de actuación política directa. O catalizador da nova dinámica foi a Lliga Regionalista<sup>16</sup> creada en 1901. Baixo a dirección de Enric Prat de la Riba (que en 1894 publicara conxuntamente con Pere Muntanyola o *Compendi de doctrina nacionalista*), autor do novo libro básico *La nacionalitat catalana* (1906), a Lliga encabezou a liña progre-

16. Molas, I. *Lliga Catalana*. 2 Vols., Edicions 62, Barcelona, 1972. Riquer, B. de. *Lliga Regionalista: la burguesia catalana i el nacionalisme (1898-1904)*. Edicions 62, Barcelona, 1977.

sivamente conservadora e burguesa do catalanismo (ata daquela minoritaria) e obtivo as primeiras victorias electorais significativas e o primeiro esbozo de autonomía coa Mancomunitat (1914). O progresivo conservadurismo da Lliga xerou a escisión que deu orixe en 1904 ó Centre Nacionalista Republicà que aglutinou os sectores progresistas e republicanos, para dar orixe en 1910 á Unió Federal Nacionalista Republicana. Malia a maior militancia do sector progresista, a Lliga obtivo maiores éxitos electorais ó contar co apoio de amplos sectores burgueses non implicados directamente nas reivindicacións catalanistas.

A primeira constatación da ampla difusión do ideal catalanista produciuse en 1905 como consecuencia do asalto por un grupo de militares ás redaccións dos periódicos vinculados á Lliga *Cu-Cut!* e *La Veu de Catalunya*. A reacción governamental foi, primeiro, xustificar os asaltantes e logo promulgar a Lei de Xurisdiccións (1906), que equivalía ó traspaso ós tribunais militares de múltiples delitos de opinión. A resposta catalana foi a Solidaritat Catalana<sup>17</sup>, unha ampla plataforma electoral (obtivo en 1907 o 67 por cento dos votos e 41 dos 44 escanos do congreso) que acollía desde os federais ós carlistas. A amplitude do sentimento de repudio contra a nova lei viuse reflectida non só no éxito electoral (sempre discutible naquelas datas) senón tamén na magnitude da capacidade de convocatoria e a eclosión propagandística. A manifestación de homenaxe ós parlamentarios contrarios á Lei de Xurisdiccións reuniu a 300.000 persoas en Barcelona e o poeta Joan Maragall puido escribir replicando a Maura que non era “un montón” senón a contundente resposta de todo un pobo. O éxito de Solidaritat Catalana veu abaixo de maneira case inmediata polos intereses partidistas e pola Semana Tráxica de 1909 que asustou á burguesía, que atordada ante o temor á revolución correu na procura de protección do goberno. O segundo período álxido de confluencia entre os distintos sectores do catalanismo produciuse en 1917, de novo aglutinado pola Lliga. Producta da campaña de sensibilización previa, o mes de novembro os concellos presentaron á Mancomunitade unha petición colectiva de autonomía para Cataluña. A petición trasladouse ó goberno orixinando tempestuosas sesións parlamentarias durante dous anos, 1918-1919, mentres en Cataluña se multiplicaban as actuacións reivindicativas.

Nos anos vinte, a catalana era unha cultura normalizada; revistas de todo tipo (desde as satíricas ou as informativas ata as deportivas e as eruditas) se publicaban en toda Cataluña. Diversas coleccións literarias acollían obras de autores cataláns e traducións dos máis destacados autores clásicos e modernos. O catalán era omnipresente nos actos públi-

17. Camps Arboix, J. de. *Història de la Solidaritat Catalana. 1905-1910*. Destino, Barcelona, 1970.

cos e privados. A normalización cultural foi paralela á política. A presenza de representantes catalanistas de diverso cariz nos entes locais ía en aumento. Por iso non sorprende que unha das xustificacións do Golpe de Estado de Primo de Rivera, significativamente dous días despois da Diada de 1923, fora a de atallar o catalanismo. Anos antes, Antoni Rovira i Virgili sinalaba a necesidade de ter un espectro político normal, que o nacionalismo non fose unha única opción abstracta e sentimental onde se puidese acubillar todo catalán sensibilizado, á marxe doutras propostas ideolóxicas. Nos anos vinte a proposta de Rovira era unha realidade. Non había xa un único partido catalanista senón que, como en calquera outro estado, había un amplo abano de opcións, desde a socialista á conservadora, pasando por unha complexa oferta republicana e liberal. A pluralidade de propostas supoñía importantes diferencias reivindicativas. A Lliga Regionalista conformábase cunha autonomía administrativa e era fundamentalmente accidentalista na forma de goberno (cunha preferencia monárquica non disimulada, consecuencia lóxica da súa composición burguesa que acentuaba o conservadurismo social). Con Francesc Macià foi tomando corpo a opción radical independentista. Macià, deputado perenne desde 1907 polo distrito de Borges Blanques, fundou primeiro a Federació Democràtica Nacionalista (1919) con notables contactos co obreirismo de esquerdas, e en 1922 Estat Català, xa declaradamente independentista. As profundas discrepancias entre ambos sectores extremos reflectíanse nas propostas políticas finais, pero tamén na súa reacción ante o golpe de Estado de Primo de Rivera. Mentres a Lliga participou na preparación do pronunciamento e non se desmarcou da dictadura ata poñer esta en evidencia o seu anticatalanismo visceral, Estat Català e Macià conspiraron contra o dictador desde o primeiro momento impulsando tentativas insurreccionais, para as cales buscaron en van o patrocinio de Moscú. O apoio prestado polos dirixentes da Lliga en 1930-1931 á insegura monarquía explica a súa estrepitosa derrota nas eleccións municipais de abril de 1931, así como a para moitos inesperada victoria da Esquerra Republicana de Cataluña, soa ou en coalición, baixo a presidencia de Macià. O predominio da Esquerra, que con oscilacións se mantivo durante todo o período republicano, exemplifica o arraigamento do catalanismo popular e democrático.

Un resumo da traxectoria do catalanismo, primeiro provincialismo, logo rexionalismo e finalmente nacionalismo, pon en evidencia distintos elementos. En primeiro lugar que os seus antecedentes só cabe buscalos nos sectores radicais do liberalismo, os cales apoiaron ou formularon solucións radicais para superar a desestructuración do Estado dándolle unha configuración federal e anulando o monopolio do espírito castelán. Hai unha tortuosa e evanescente, aínda que asemade constante e sólida,

liña de continuidade que une estes grupos aparecidos durante a minoría de idade de Isabel II cos federais e os catalanistas de esquerda. En segundo lugar, malia a ausencia dun ensino catalán e da constante manipulación dos programas educativos, os referentes históricos privativos, unidos á saudade dunha suposta idade de ouro da liberdade coincidente coa Cataluña soberana, mantivéronse vivos no recordo e o imaxinario colectivo. E en terceiro lugar, o catalanismo conseguiu unha rápida e sólida divulgación dos seus signos de identidade que, á marxe da militancia, impregnaron toda a sociedade catalana, antes de que os seus dirixentes dispuxesen de ningún poder político.

P. A.

